



alerta escolar



O PROGRAMA ALERTA ESCOLAR
NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3



a galiña azul

rede de escolas infantís de Galicia

galicia



XUNTA
DE GALICIA

DEFINICIÓN



Acordo de colaboración entre a Rede de Escolas Infantís de Galicia e o Padroado da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para que o persoal educativo sexa quen de:

- recoñecer unha situación que requira da actuación do 061
- realizar os xestos fundamentais para salvar as vidas dos alumnos e das alumnas que presenten algunha das patoloxías para as que referido programa foi deseñado
- alertar eficazmente á Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061

OBXECTIVOS

- Promover a cooperación e colaboración para o desenvolvemento das iniciativas e actuacións contidas no programa “Alerta Escolar”, así como a súa difusión entre os/as pediatras da Comunidade Autónoma, o profesorado e pais/nais/titores ou representantes legais das crianzas.
- Achegar a atención sanitaria inmediata e eficaz a todas as crianzas usuarias da Rede de Escolas Infantís de Galicia que padezan patoloxías crónicas tales como epilepsia, alerxias alimentarias ou diabeite.
- Potenciar que o profesorado sexa quen de recoñecer unha emerxencia médica e de realizar os xestos fundamentais para salvar as vidas das alumnas e dos alumnos que presenten algunha das patoloxías sinaladas, tras alertar á Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias 061.
- Achegar a formación ao persoal educativo sobre soporte vital, reanimación cardiopulmonar (RCP), primeiros auxilios e uso e mantemento da botica de primeiros auxilios.

ACCIÓNS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informarase a todos/as os/as pediatras da Comunidade Autónoma da posta en marcha do programa “Alerta Escolar” nas Escolas infantís 0-3.
- Facilitaranse guías de actuación de uso fácil e de rápida aplicación que lle servirán ao profesorado para recoñecer o cadro clínico das patoloxías incluídas no programa.
- Formarase ao persoal educativo sobre soporte vital, reanimación cardiopulmonar (RCP) e primeiros auxilios e aconsellarase sobre o material e a dotación básica das boticas de primeiros auxilios, así como sobre as recomendacións de uso.

ACCIONS DA REDE DE ESCOLAS INFANTIS DE GALICIA

- Informarase do programa “Alerta Escolar” a todas as escolas infantís e á súa comunidade educativa a través da súa páxina web e do portal educativo www.escolasinfantis.net.
- Distribuirase entre a comunidade educativa material informativo para garantir a adecuada difusión do programa.
- As Escolas Infantís distribuirán entres as familias, durante o proceso de admisión das crianzas, a información e documentación necesaria para incluílas, de ser o caso, no programa.
- Crearase un ficheiro coa información máis relevante das crianzas inscritas no programa para a súa óptima xestión, e de acordo coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

PATOLOXÍAS INCLUÍDAS NO PROGRAMA

- **ALERXIAS ALIMENTARIAS.** Síndrome clínico de hipersensibilidade grave, caracterizado por alteracións cardiovasculares e respiratorias. Sempre existe un axente desencadenante, que recibe o nome de alérxeno.
- **EPILEPSIA.** Afección crónica que se caracteriza pola repetición de crises debidas a unha descarga excesiva nas neuronas cerebrais. A crise convulsiva é un tipo de crise epiléptica.
- **DIABETE.** Trátase da existencia de niveis moi baixos de glucosa en sangue. Non sempre se manifesta clinicamente, e cando o fai, os síntomas desaparecen ao normalizarse a glicemia co tratamento.